

A nosa referencia: 2 - Secretaría
Expediente: 2026/G010/000008

Notifícolle que a Sra. alcaldesa, con data 07-05-2026, ditou a resolución núm. 345/2026 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Con data 2 de maio de 2026, rexistrouse de entrada ao núm. 202699900002744 un escrito presentado polos concelleiros e concelleiras que a continuación se relacionan: Juan González Leirós, María Carmen Pan Matos, María Yolanda Díaz Baldomir, Óscar Tomás Barrientos Morales, Mónica Varela Germade e María Dolores Pan Lesta, de UxC.

No dito escrito, os asinantes solicitan a convocatoria dun pleno extraordinario coa inclusión na orde do día dos asuntos que especifica.

Visto canto antecede, de conformidade co establecido no artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 94 do Regulamento orgánico municipal,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o xoves 21 de maio de 2026, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 09:00 horas, coa seguinte orde do día:

1. Intervención da voceira do grupo municipal de Unión por Cambre para explicar a motivación que levou a pedir este pleno.
2. Informar por parte da alcaldesa, Diana Piñeiro, e dos seus tres concelleiros de goberno a situación económica, a falta de seguridade e servizos e a falta de persoal no Concello de Cambre, así como as solucións que teñen previstas a corto prazo para non seguir mingando os servizos municipais.

Segundo.- Notifíquese aos señores concelleiros e concelleiras para os efectos oportunos.»

Cambre, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

TABOLEIRO DE ANUNCIOS